

*Escola de
sustentabilidade e
cidadanía global.
Mulleres bravas
defensoras da terra*

OS
R
L
G



Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Foto de Víctor Barro - gemecomprometida.org

**Do 23 de febreiro
ao 15 de xuño, 2022**

**Edificio Miralles
Campus de Vigo e
Campus Remoto**

5 IGUALDADE DE XÉNERO 	7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE 	10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES 	11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES 
---	--	--	--

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Responsabilidade Social,
Internacionalización e Cooperación



**Escola de sustentabilidade e cidadanía global.
Mulleres bravas defensoras da terra**



Do 23 de febreiro
ao 15 de xuño, 2022

Edificio Miralles
Campus de Vigo e
Campus Remoto

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Responsabilidade Social,
Internacionalización e Cooperación

**Escola de sustentabilidade e cidadanía global.
Mulleres bravas defensoras da terra**

Con este curso organizado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación en colaboración con Enxeñaría sen Fronteiras e Amigos da Terra, queremos dar a coñecer os impactos e alternativas do extractivismo en Galicia e noutras zonas do mundo, onde algunhas das sesións serán encontros que se realizarán aproveitando as visitas de mulleres activistas de Honduras. A través da súa testemuña visibilizarase o papel das mulleres na defensa da terra e na promoción de alternativas produtivas baseadas na economía social.

Información sobre o curso

Destinatarios

- Estudantes da Universidade de Vigo
- No caso de quedar prazas vacantes poderán acceder outros perfís (PDI, PAS, estudantes egresado)

Recoñecemento

- Solicitado un 1 crédito ECTS para o estudantado con dereito a certificado

Sistema de Avaliación

- Para ter dereito ao certificado, é preciso a asistencia ao 80% das sesións (virtuais e presenciais) así como a entrega dos traballos requiridos.

Máis información e preinscrición

- Prescrición en bubela ate o día 17 de febreiro as 23.59 en:
-<https://bubela.uvigo.es/bubela/publico/publico.php>

Programa

- 23 de febreiro de 2022, de 18 a 19 horas.** Modalidade virtual
- Presentación en liña da Escola de sustentabilidade e cidadanía global e do proxecto “Mulleres bravas defensoras da terra”.
 - Durante esta sesión explicaranse os obxectivos da escola de sustentabilidade, o cronograma, os compromisos que deberán adquirir as persoas asistentes así como unha contextualización do proxecto.
- 3 de marzo de 2022, de 18 a 20 horas.** Modalidade presencial.
Aula I edificio Miralles
- Cidadanía global e ameaza do extractivismo.
 - Mesa redonda. Participan: Águeda Gómez, Xavier Simón, Patricia Iglesias e Sergio Fernández
- 30 de marzo de 2022, de 17 a 20 horas.** Modalidade presencial.
Aula I edificio Miralles
- Experiencias de Honduras e Galicia, mulleres bravas e a ameaza do extractivismo.
 - Patricia Iglesias (moderadora) 3 mulleres activistas hondureñas e 2 mulleres activistas galegas.
- 27 de abril de 2022, de 17 a 19 horas.** Modalidade presencial.
Aula I edificio Miralles
- Comunicar as loitas.
 - Taller práctico impartido por AGARESO, para orientar sobre como comunicar a resistencia das comunidades na defensa da súa contorna.
- 11 de maio de 2022, de 17 a 20 horas.** Modalidade presencial.
Aula I edificio Miralles
- Experiencias de Honduras e Galicia, mulleres bravas para outra economía.
 - Patricia Iglesias (moderadora) 3 mulleres da economía social hondureñas e 2 mulleres da economía social galega.
- 15 de xuño de 2022, de 18 a 19 horas.** Modalidade virtual
- Obradoiro de peche do curso.
 - Avaliación e devolución de material da campaña de comunicación finalmente xerada a partir do obradoiro “Comunicar as Loitas” coas achegas das persoas participantes.

Traballos non presenciais

O alumnado terá que realizar un traballo individual en paralelo, elaborando contidos que se empregarán como material comunicativo para o deseño dunha campaña no marco do proxecto Mulleres Bravas.

Profesorado

- Águeda Gómez Suárez:** profesora titular do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política, Administración e Filosofía e directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
- Xavier Simón Fernández:** profesor titular do departamento de economía aplicada e director do Observatorio Eólico de Galicia.
- Patricia Iglesias Fernández:** técnica de educación para a cidadanía global. Pertencete a Amigos da terra.
- Sergio Fernández Alonso:** técnico de proxectos de cooperación e educación para a cidadanía global. Pertencente a Enxeñaría sen Fronteiras.
- AGARESO:** consultora especializada en comunicación no terceiro sector.

Nota: Información sobre actividades complementarias

A fin de semana do 2 ao 3 de abril Amigos da Terra e Enxeñaría sen Fronteiras organizan un encontro-convivencia* voluntario nun albergue na contorna de Santiago de Compostela con activistas galegas e 3 das mulleres hondureñas, así como co alumnado dun curso similar que se desenvolverá na Universidade de Santiago de Compostela. Pode haber a posibilidade de bolsas de transporte e aloxamento para as persoas matriculadas no curso que desexen inscribirse nesta actividade.

* Este encontro está organizado por Enxeñaría sen Fronteiras e Amigos da Terra, sen que participe a Universidade de Vigo. Dende as entidades sociais organizadoras informarán con máis detalle sobre a inscrición e características desta actividade.